



REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 4 de xuño de 2019 apróbanse as bases reguladoras que rexen o concurso público de nove bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 114, do 18 de xuño de 2019).

As bases cuarta e quinta da convocatoria establecen que as solicitudes presentadas deberán reunir os requisitos xerais e específicos esixidos para cada proxecto e que se formalizarán no modelo PL500D, debidamente cuberto e asinado, **acompañado da documentación en orixinal ou copia debidamente cotexada** que se sinala na base sexta, na forma e prazos indicados.

O Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), órgano encargado da instrución do procedemento, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada ao abeiro da base sexta da orde de convocatoria.

De conformidade co disposto na referida base, as solicitudes incompletas, con erros ou as que non acheguen toda a documentación acreditativa esixida, serán obxecto de requirimento á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición de bolsa e arquivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <http://www.cirp.gal>.

Polo exposto, procédese a:

1. Publicar na páxina web do CRPIH (<http://www.cirp.gal>) a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos xerais esixidos:

- Como Anexo A, as solicitudes suxeitas a emenda de documentación, co nome e apelidos dos solicitantes.
- Como Anexo B, a relación de documentos preceptivos para a emenda das solicitudes, de conformidade cos requisitos e prazos establecidos na convocatoria.

2. Facer indicación expresa a todos os solicitantes recollidos no Anexo A de que son requiridos para que no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta disposición, na páxina web do CRPIH (<http://www.cirp.gal>) emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece neste documento. De non o facer, terase por desistente da súa petición de bolsa, e arquivarase o seu expediente, logo da resolución que se ditará nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

A xefa de servizo do CRPIH

Ruth Otero Vilar





ANEXO A

Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Solicitante	Documentos requiridos
Casado Franco, Claudia	2
Couceiro Gestoso, María Nerea	2, 4
Covelo Pedreira, Andrés	3
Doval Rodríguez, Alba	2
Fernández García, Sandra	2, 3, 4, 5, 6
Fernández Melón, Ana Belén	2, 3, 4
Gesteira Estévez, David	6
Hermo Moledo, Paula	3
López González, M ^a del Mar	2
Mancebo Cancela, Pablo	2
Montes Blanco, Daniel	3
Montesinos Amado, Susana	2
Naveira Fuentes, Manuel	2, 4
Pérez Martínez, María (Nº DNI: ***9055**)	2
Rei Martiz, Antía	1
Vázquez Pérez, Alfredo	3

ANEXO B

Relación de documentos preceptivos para a emenda das solicitudes

Nº Documento	Descrición Documento
1	Cumprimentar, por orde de preferencia, os números dos proxectos aos que se presenta na solicitude formalizada (modelo PL500D) que se publica como Anexo II da orde de convocatoria,





2	Certificación académica oficial completa (en orixinal ou copia cotexada) onde conste a nota media do expediente académico da titulación esixida , que deberá ser igual ou superior a 6,5 puntos , calculada de acordo cos parámetros publicados pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG nº 188, do 30 de setembro) ou, no caso de estudos universitarios non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia , polo Real decreto 1125/2003 (BOE nº 224, do 18 de setembro) .
3	Currículo , acompañado da documentación acreditativa dos requisitos específicos e méritos alegados.
4	Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 4)
5	Copia do DNI, NIE ou pasaporte
6	Título universitario de licenciatura ou de grao ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

